

Expdte.: [2019/C003/000005](#)

Asto.: [INFORME SOBRE CONDICIÓN DA OFERTA EN BAIXA ANORMAL PRESENTADA POLA EMPRESA “ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.” PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO \(MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS\) DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN DE VIAL DE FENE A MAGALOFES POR LUBIÁN”. ORZAMENTO TOTAL DE LICITACIÓN: 112.399,11 €.](#)

- Refs.: A) Proxecto de “PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE FENE A MAGALOFES POR LUBIÁN”. Autor: Enxeñeiro de Camiños Pablo Blanco Ferreiro. Orzamento total de licitación: 112.399,11 €.
- B) Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado das obras de “PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE FENE A MAGALOFES POR LUBIÁN” – POS+2019.
- C) Documentación de xustificación da baixa da oferta presentada pola empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A..

Requerido polo Servizo de Contratación / Secretaría para informe relativo á baixa anormal da oferta do asunto presentada á licitación para a contratación mediante procedemento aberto simplificado das obras do Proxecto de: “PAVIMENTACIÓN DE VIAL DE FENE A MAGALOFES POR LUBIÁN” cun orzamento total de licitación de 112.399,11 €, o Enxeñeiro de Camiños, C. e Portos Municipal INFORMA:

1.- A xustificación das ofertas con baixas anormais debe analizarse aplicando os criterios citados nas cláusulas 15.4.3 e 15.4.4 do P.C.A.P. da licitación.

15.4.3 *Serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos desta:*

- Xustificación dos prezos ofertados
- Volume de obra
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

- a) O aforro que permita o procedemento ou o método de construción.
- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar as obras,
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para executar as obras.
- d) O respecto de obrigas que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP
- e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

15.4.4 Documentación a aportar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos

Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, deberán presentar para xustificar ou non a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

Materiais

A.1 *Compra*

- *Carta de compromiso dos provedores*
- *Prezos unitarios detallados*

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)

- *Relación detallada dos medios propios con indicación detallada do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público*

B. Maquinaria

B.1 *Aluguer e/ou contratación*

- *Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.*

B.2 *Medios propios*

- *Relación detallada da maquinaria*

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. *Volume de obra*

Neste caso deberá xustificar o licitador que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarase mediante a achega da nómina e Boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación.

4. Cumprimento de obrigas salariais:

Presentarase declaración e xustificación de cumprimento de obrigacións salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos

5. *Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.*

En todo caso, o órgano de contratación, previo informe dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación, rexeitará as ofertas si comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipóteses ou prácticas inadecuadas dende o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

2.- A xustificación da oferta de ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A., límitase a indicar que: “unha vez revisado o estudio económico do Proxecto, creemos oportuno ratificarnos na nosa oferta”, sin máis detalle.

Non se axusta por tanto aos requerimentos de contidos e xustificacións das cláusulas 15.4.3 e 15.4.4 do P.C.A.P. da licitación.

En particular, non se inclúe a oferta detallada por unidades de obra, nin a xustificación de cumprimento de obrigas salariais, etc., polo que, sin prexulgar a capacidade da empresa para a execución da obra licitada, a criterio técnico do que suscribe, a oferta debe entenderse que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador.

3.- Á vista do exposto e segundo último párrafo da cláusula 15.4.4. do prego, a criterio do funcionario que suscribe, o escrito de ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A., é insuficiente para poder consideralo como xustificación da oferta e, en consecuencia, a xustificación debe considerarse incompleta e sin explicación satisfactoria do baixo nivel de custo proposto.

O que se informa en Fene, a 01 de xullo de 2020, aos efectos oportunos.

O Enxeñeiro de Camiños, C. e Portos Municipal:



SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FENE.